

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

2109 *Real decreto 138/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a normativa básica en materia de actuacións sanitarias en especies cinexéticas que actúan como reservorio da tuberculose (complexo Mycobacterium tuberculosis).*

A interacción entre especies domésticas e silvestres viuse agravada nos últimos anos polo incremento do tamaño das poboacións silvestres, que provocou o seu desprazamento desde os seus hábitats tradicionais a outros espazos sen vocación cinexética.

Existen determinadas enfermidades compartidas entre estes animais domésticos e silvestres que se poden transmitir igualmente á especie humana, polo que poden ter un impacto significativo na saúde pública e na economía, ademais de na sanidade das poboacións animais e na conservación da biodiversidade.

Por este motivo, unha forma coherente de abordar este tipo de enfermidades debe abranguer medidas en todas as especies animais implicadas e incluír todos os axentes e sectores partícipes (administracións, sector gandeiro, sector cinexético, asociacións conservacionistas e comunidade científica), tal e como se recoñeceu desde institucións de ámbito internacional e organismos europeos, a través de múltiples referencias ao concepto «unha soa saúde».

Así, o Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou se derrogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»), aplícase aos animais en cativeiro e silvestres e, neste sentido, prevé normas especiais de control e erradicación de enfermidades presentes en animais silvestres.

Dentro deste marco, igualmente, aprobouse unha estratexia de xestión do xabaril no seo da Unión Europea orientada a controlar as poboacións de xabaril mediante a prohibición da alimentación sistemática ou a instalación de valados, entre outras medidas.

Así mesmo, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, aplicable a todos os animais domésticos e fauna silvestre, prevé que unha situación de contaxio entre as mesmas especies de animais domésticos e silvestres por unha mesma enfermidade, así como a posible creación de reservorios no medio natural, fan inseparables as actuacións sanitarias en ambos os medios.

A Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, engade o artigo 16 bis á Lei 8/2003, do 24 de abril, para dar cobertura legal ás actuacións sanitarias en especies cinexéticas e dispor que regulamentariamente se establecerán os requisitos de sanidade animal que deberán cumprir os diferentes terreos, tanto de aproveitamento cinexético coma de réxime especial recollidos no título II. Estes requisitos incluírán, en especial, os sistemas de vixilancia para detectar a presenza de enfermidades e as actuacións que, no caso de risco de transmisión destas, deberán abordar tanto as administracións competentes coma os responsables ou xestores dos terreos.

Por outro lado, o Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais de fauna silvestre, establece os requisitos de sanidade animal aplicables ao movemento dentro de España de animais de especies cinexéticas. Entre estes requisitos exíxense medidas especiais referentes á tuberculose, necesarias para poder realizar o movemento de certos ungulados silvestres.

Pola súa parte, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, establece no seu artigo 54.5 unha prohibición xenérica de dar morte, danar, molestar ou inquietar os animais silvestres. Non obstante, para as especies non

incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial, as ditas prohibicións non se aplicarán en supostos con regulación específica, en especial sobre lexislación de montes, caza e sanidade, de maneira compatible coa conservación desas especies. Porén, no artigo 65 recóllense dous aspectos relativos ao ámbito de aplicación deste real decreto. En primeiro lugar, en relación coa actividade cinexética, establécese a prohibición de tenza e utilización de procedementos masivos ou non selectivos de captura ou morte de animais, que veñen enumerados no anexo VII da lei, aínda que podería non aplicarse esta prohibición sempre que non exista outra solución satisfactoria alternativa e se cumpran as circunstancias e condicións expostas no artigo 61. Por outro lado, en relación cos cercados e valados de terreos, menciónase que as administracións públicas competentes establecerán a superficie mínima que deben ter as unidades de xestión para permitiren a instalación dos cercados.

En concreto, a tuberculose é unha das enfermidades compartidas entre o gando, a fauna silvestre e, esporadicamente, a especie humana, na cal nos últimos anos se evidenciou o importante papel que na transmisión e no mantemento da enfermidade están desempeñando certos reservorios silvestres como os xabarís.

Esta situación xa foi recoñecida pola OIE, que modificou o Código zosanitario para os animais terrestres en 2017 no que respecta á tuberculose ao recoñecer que numerosas especies de animais domésticos e silvestres son susceptibles á infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis*.

As importantes repercusións económicas negativas que ten a tuberculose animal no sector gandeiro e cinexético, os efectos sobre a sanidade e o benestar dos animais, tanto domésticos coma silvestres, así como en especies cinexéticas, e o estancamento no progreso cara á súa erradicación no gando bovino, sen esquecer o risco para a saúde pública ao actuar o ser humano como outra especie susceptible á infección, son razóns de peso que obrigan a reconsiderar todos os factores implicados na prevención, loita, control e erradicación da tuberculose.

A Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea destacou a necesidade de realizar unha avaliación exhaustiva da situación epidemiolóxica que inclúa tamén a presenza de reservorios silvestres infectados con tuberculose e, neses casos, deseñar un enfoque activo para eliminar a infección por tuberculose nas especies silvestres implicadas.

Como primeira resposta a estas recomendacións, en 2017 acordouse un Plan de actuación sobre tuberculose en especies silvestres (coñecido comunmente polo seu acrónimo «Patubes»), documento pioneiro neste ámbito ao ser froito do consenso entre as distintas administracións con competencias na materia e os sectores interesados. Este plan supón, polo tanto, un compromiso no cal se reflicte a necesidade de establecer actuacións conxuntas que manteñan un equilibrio entre a situación sanitaria, a actividade cinexética e a conservación da biodiversidade.

As medidas de actuación en especies silvestres deben ser proporcionais ao risco de transmisión ou mantemento da infección que estas supoñan para outras especies silvestres ou domésticas, tendo en conta a situación epidemiolóxica da enfermidade no gando doméstico, a presenza das especies silvestres reservorio e os resultados da súa vixilancia sanitaria, análise epidemiolóxica e molecular, ademais doutros factores de risco que alteran a densidade ou agregación espacial das poboacións, como o sistema de manexo.

Co fin de garantir un control adecuado, considerouse conveniente introducir a obrigatoriedade de rexistrar algúns dos espazos en que se manteñen especies cinexéticas (granxas cinexéticas, núcleos zoolóxicos) en sentido análogo con que se rexistran na actualidade as explotacións de produción e outro tipo de instalacións en que se manteñen os animais, polo que se modifica o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, para prever a clasificación establecida neste real decreto.

Para asegurar a eficacia destas medidas, procédese a unha zonificación do territorio nacional en tres niveis territoriais. No primeiro nivel recóllense no anexo I catro rexións

Patubes, que responden ao nivel de risco de aparición da enfermidade sobre a base da prevalencia histórica no territorio. Nun segundo nivel de detalle, dentro das rexións Patubes, o real decreto emprega as unidades ou comarcas veterinarias xa establecidas como ámbito territorial ao cal vincular determinadas medidas en función da súa clasificación por risco concreto (baixo, moderado ou especial). Por último, é nas comarcas veterinarias onde se concretarán os espazos cinexéticos en función das súas características, de modo que se lles asigne un estatuto xurídico diferenciado (*inter alia*, en función do tipo de valado que presenten).

Na súa tramitación foron consultados as comunidades e o sector implicado. Así mesmo, someteuse ao informe do Consello Asesor de Medio Ambiente, conforme o disposto no artigo 19 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer unha xestión adecuada que controle os riscos na saúde pública, na saúde animal e no ambiente derivados da tuberculose na fauna silvestre. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límtase ao mínimo imprescindible para controlar os ditos riscos. En canto ao principio de seguridade xurídica, a norma insírese coherentemente no ordenamento nacional, posto que realiza a correspondente remisión normativa aos preceptos establecidos neste real decreto, para os efectos recollidos na disposición adicional segunda do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, en función do previsto na disposición derradeira segunda desta disposición, ao tempo que recolle as obrigadas referencias a aquel nos seus artigos 6 e 11. O principio de transparencia respectouse igualmente, posto que este real decreto foi sometido ao procedemento de información e participación pública do artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, límtanse as cargas administrativas ás imprescindibles para conseguir os fins descritos.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Sanidade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xaneiro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica en materia de actuacións sanitarias en especies cinexéticas que actúan como reservorio da tuberculose (complexo *Mycobacterium tuberculosis*): xabaril e outros súidos silvestres (*Sus scrofa*) e as súas hibridacións, cervo (*Cervus elaphus*) e gamo (*Dama dama*).

2. Este real decreto aplicarase ás comarcas ou unidades veterinarias identificadas en todo o territorio nacional segundo o artigo 4, en función do risco que se lles asigne, comprendidas dentro das rexións Patubes establecidas no anexo I.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 4 do Regulamento (UE) 2016/429 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de marzo de 2016, relativo ás enfermidades transmisibles dos animais e polo que se modifican ou se derrogan algúns actos en materia de sanidade animal («Lexislación sobre sanidade animal»); no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se regula o Rexistro Xeral de Explotacións

Gandeiras, e no artigo 17 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Especies cinxéticas que actúan como reservorio de tuberculose: xabaris e outros súidos silvestres (*Sus scrofa*) ou as súas hibridacións, cervos (*Cervus elaphus*) e gamos (*Dama dama*).

b) Plan de actuación sobre tuberculose en especies silvestres (en diante, Patubes): documento que inclúe un plan de mostraxe, información e propostas para contribuír, desde o ámbito da fauna silvestre, ao obxectivo xeral do control e erradicación da tuberculose bovina, e que se pode consultar na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

c) Rexión Patubes: parte do territorio nacional, conforme o disposto no anexo I, definida segundo a prevalencia de tuberculose bovina con base nas mostraxes establecidas no Plan de actuación sobre tuberculose en especies silvestres e no Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina.

d) Probas diagnósticas:

1.º ELISA para a detección de anticorpos en soro fronte ao complexo *Mycobacterium tuberculosis*: a técnica estará validada polo Laboratorio Nacional de Referencia (LNR) do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sito actualmente en Santa Fe, e os kits de diagnóstico estarán inscritos no Rexistro de Entidades e Produtos Zoonosanitarios.

2.º IDTB (intradermotuberculinización) ou proba da tuberculina: técnica de diagnóstico da tuberculose baseada na hipersensibilidade retardada tras unha inxección intradérmica con derivados proteicos purificados (PPD), a que se refire o capítulo 2.4.6 do Manual de normas para as probas de diagnóstico e as vacinas da OIE.

3.º Illamento e identificación: o illamento de micobacterias en medios de cultivos selectivos e a súa posterior identificación mediante técnicas de ADN, como a PCR (reacción en cadea á polimerasa), á cal se refire o capítulo 2.4.6 do Manual de normas para as probas de diagnóstico e as vacinas da OIE.

e) Animal positivo: animal con resultado positivo ás probas diagnósticas indicadas na alínea d) ou, no caso de que estas non se realizasen, animal que na inspección *post mortem* presenta lesións compatibles con tuberculose, salvo que unha proba posterior de illamento e identificación do axente descarte a infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis*.

f) Interesado: o titular cinxético na zona de que se trate.

g) Poboación natural: aquela que se aproxima ao tamaño que o medio natural permite, para as especies cinxéticas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto, fóra dos espazos de categoría I ou II do artigo 5.

h) Alimentación suplementaria: o emprego ou a subministración sistemática de pensos ou outros alimentos. A achega de complementos vitamínicos minerais non se considerará alimentación suplementaria.

Artigo 3. Obrigações xerais.

1. En todas as rexións Patubes previstas no anexo I realizarase a vixilancia anual da tuberculose en especies cinxéticas que actúan como reservorio de tuberculose (complexo *Mycobacterium tuberculosis*), de acordo co número 2 do documento Patubes. Os datos que se obteñan anualmente servirán para reavaliar periodicamente a situación de risco das diferentes provincias e comarcas ou unidades veterinarias.

O titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación actualizará as rexións Patubes do anexo I, polo menos cada cinco anos, en función dos resultados das mostraxes realizadas, conforme o disposto no Plan de actuación sobre a tuberculose en especies silvestres (Patubes) e no Programa nacional de erradicación da tuberculose bovina. Así mesmo, poderá modificar os restantes anexos en función da evolución da situación sanitaria.

2. En todas as rexións Patubes, a xestión dos subprodutos de caza realizarase de acordo co establecido no Real decreto 50/2018, do 2 de febreiro, polo que se desenvolven as normas de control de subprodutos animais non destinados ao consumo humano e de sanidade animal, na práctica cinexética de caza maior, salvo naqueles supostos non recollidos no dito real decreto, en que a autoridade competente poderá optar, en función do risco, pola xestión de subprodutos de acordo con algunha das distintas posibilidades que se recollen no número 3.2.4.b do documento Patubes.

3. En ningunha das rexións Patubes se permitirá a achega de alimentación suplementaria de ningún tipo ás poboacións naturais de xabaril e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervo ou gamo, salvo que a normativa autonómica recolla esta posibilidade e, logo de solicitude do interesado, a autoridade competente en materia cinexética o autorice e exclusivamente nos seguintes supostos:

a) Con carácter previo á realización de accións de caza, así como de esperas individuais, que teñan como obxecto o control da especie cinexética xabaril (*Sus scrofa*) e doutros súidos silvestres ou as súas hibridacións, de forma que se incremente a eficacia destas accións cinexéticas.

b) Nas condicións definidas por actos ou disposicións aprobadas polas comunidades autónomas, conforme a súa normativa cinexética.

c) Segundo o previsto nas resolucións de declaración de emerxencia cinexética por sobrepoboacións de ungulados cinexéticos que aproben as comunidades autónomas, conforme a súa normativa específica.

d) En situacións climáticas de especial adversidade, apreciadas pola Administración competente en materia cinexética, nas cales se prevexa un grave prexuízo ao estado de conservación e sanitario das especies cinexéticas.

e) No caso de espazos naturais protexidos, sempre que ademais exista un informe xustificativo da autoridade competente en materia de ambiente e sen prexuízo da normativa de xestión aplicable ao dito espazo.

f) Para a cazaría na modalidade de espera como cebo para a aproximación dos animais que se pretende abater.

Artigo 4. *Comarcas ou unidades veterinarias de risco para a tuberculose.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas establecerán as seguintes categorías de comarcas ou unidades veterinarias de risco para a tuberculose:

a) Comarcas ou unidades veterinarias de risco baixo: aquelas que cumpran cos requisitos do número 1 do anexo II.

b) Comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado: aquelas que cumpran cos requisitos do número 2 do anexo II.

c) Comarcas ou unidades veterinarias de especial risco: aquelas que cumpran cos requisitos do número 3 do anexo II.

Non se incluírán en ningunha das categorías anteriores aquelas comarcas ou unidades veterinarias que non contén con censo de gando bovino.

2. Para os efectos previstos no punto anterior, as autoridades competentes de sanidade animal clasificarán as comarcas ou unidades veterinarias do seu ámbito territorial, anualmente, no primeiro cuadrimestre do ano, atendendo aos criterios establecidos no anexo II, e unha vez coñecidas as prevalencias por comarca ou unidade veterinaria en gando bovino.

A información que se usará para comparar as cepas de bovinos, por un lado, e de xabarís e doutros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos e gamos, por outro, será a información de tipo microbiolóxico dispoñible que proporcione maior capacidade de discriminación posible, incluídos métodos moleculares.

Non obstante o anterior, a autoridade competente poderá recorrer, para a clasificación das comarcas ou unidades veterinarias no seu ámbito territorial, á información sanitaria remitida polos servizos veterinarios oficiais de saúde pública respecto á inspección *post*

mortem de especies cinexéticas, para aqueles casos en que non se dispoña de información microbiolóxica para un territorio.

Naquelas comarcas ou unidades veterinarias en que non se dispoña de datos sobre a situación sanitaria en xabaráis e noutros súidos silvestres e as súas hibridacións e cervos ou gamos, considerarase para elas a situación media nas comarcas ou unidades veterinarias limítrofes e a información dispoñible sobre as lesións detectadas na inspección *post mortem* de especies cinexéticas.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao longo do mes de maio, publicará esta clasificación das comarcas ou unidades veterinarias do número 2 na súa páxina web.

Artigo 5. *Categorización de espazos.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas establecerán as seguintes categorías de espazos nos cales habitan especies cinexéticas:

a) Espazos de categoría I: granxas cinexéticas e núcleos zoolóxicos que dispoñen de instalacións adecuadas para o manexo dos animais e a realización de probas sanitarias. Exclúense aqueles núcleos zoolóxicos cuxa finalidade non é a reprodución das especies cinexéticas que habitan neles.

b) Espazos de categoría II: terreos cinexéticos que dispoñen dunha cerca impermeable perimetral, segundo o establecido no artigo 65.3.f) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e/ou interna se así o recolle a normativa autonómica correspondente, para as especies cinexéticas existentes no seu interior, con achega sistemática de alimento ou de auga.

c) Espazos de categoría III: terreos cinexéticos que dispoñen dunha cerca perimetral impermeable, segundo o establecido no artigo 65.3.f) da Lei 42/2007, do 13 de decembro (se así o recolle a normativa autonómica correspondente), para as especies cinexéticas existentes no seu interior, sen achega sistemática de alimento ou de auga.

d) Espazos de categoría IV: terreos cinexéticos non incluídos nas categorías I, II e III, así como os parques nacionais onde os seus xestores aplican un programa de control de unglados, ou termo equivalente establecido pola comunidade autónoma, aprobado pola autoridade competente.

2. Para o establecemento destas categorías, que dará lugar á autorización dos diferentes espazos, os interesados deberán presentar a correspondente solicitude ante a autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma, acompañada da documentación que esta estableza, a cal, logo de informe, de ser o caso, da autoridade cinexética correspondente, resolverá no prazo máximo de seis meses.

Artigo 6. *Requisitos e obrigacións de sanidade animal.*

1. En todas as rexións recollidas no Patubes non será compatible o uso dun mesmo terreo para especies domésticas (bovino, cabrún ou porcino) e para as especies cinexéticas obxecto deste real decreto en espazos de categoría I ou II.

2. Todos os espazos de categoría I e II autorizados pola autoridade competente de acordo co artigo 5.2 deberán estar rexistrados. Créase, integrada no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeirias regulado polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se aterá, no que se refire ao seu contido e funcionamento, unha nova sección relativa ao rexistro de espazos de categoría I e II, segundo a definición deste real decreto.

As comunidades autónomas inscribirán no rexistro os citados espazos de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conforme as clasificacións previstas no seu anexo III, e farán constar os datos establecidos no seu anexo II, salvo os puntos do B.5 ao B.11.

Os citados espazos disporán, así mesmo, do correspondente libro de rexistro, de acordo co artigo 6 do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas,

de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais de fauna silvestre, e deberán contar coas instalacións ou medios necesarios para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.1.c) da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Adicionalmente, aqueles espazos de categoría III e IV que realicen ou pretendan realizar traslados en vivo das especies cinexéticas obxecto deste real decreto deberán estar igualmente rexistrados e dispor dos medios necesarios para dar cumprimento ao establecido no artigo 7.1.c) da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Artigo 7. Requisitos e obrigacións de sanidade animal específicos dos espazos de categoría I.

1. Nos espazos de categoría I dedicados ao aproveitamento de cervos ou gamos deberán realizar as seguintes actuacións:

a) Polo menos, unha proba anual de IDTB a todos os animais maiores de seis semanas. Os animais positivos deberán ser illados e posteriormente sacrificados na granxa ou núcleo zoolóxico, nun matadoiro ou noutra instalación autorizada para a dita finalidade, e procederase á inspección *post mortem* para a busca de lesións sospeitosas e á toma de mostras para a investigación etiolóxica. Previamente ao chequeo, os animais serán identificados segundo o establecido pola autoridade competente en sanidade animal. O sacrificio obrigatorio dos animais positivos dará lugar á correspondente indemnización por parte da autoridade competente, que se axustará ao importe necesario para cubrir o custo do sacrificio e o custo da xestión de subprodutos. No caso de canais declarados non aptos para o consumo humano de conformidade co artigo 33 do Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen disposicións prácticas uniformes para a realización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, pola presenza de lesións sospeitosas ou compatibles con tuberculose detectadas durante a inspección *post mortem*, adicionalmente a indemnización cubrirá o valor da carne, de acordo cos valores recollidos no anexo III. Unicamente terán dereito á indemnización os propietarios de animais que cumprisen a normativa aplicable en materia de sanidade animal e de rexistro e identificación.

b) Estes espazos só se poderán cualificar como oficialmente libres de infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis*, de acordo co capítulo 8.11 do Código zosanitario para os animais terrestres da OIE, de se cumpriren as seguintes condicións:

1.º Ausencia de signos ou lesións de tuberculose en todas as inspeccións *ante mortem* e *post mortem* dos animais sacrificados na granxa cinexética ou núcleo zoolóxico ou en matadoiro ou noutra instalación autorizada durante o último ano.

2.º Presenza de animais de máis de seis semanas de idade no momento da primeira proba de diagnóstico e resultados negativos en dúas probas de IDTB, cun intervalo mínimo de seis meses, en todos os animais maiores desa idade. En caso de restitución do status sanitario de granxa ou núcleo zoolóxico oficialmente libre de infección tras un abrocho, a primeira proba deberase levar a cabo, polo menos, seis meses despois do sacrificio do último animal afectado.

3.º Os cervos ou gamos que se introduzan na granxa ou núcleo zoolóxico deberán provir doutra granxa ou núcleo zoolóxico oficialmente libre de infección por complexo *Mycobacterium tuberculosis*. Este requisito poderá non aplicarse aos animais que permanecesen illados por un período mínimo de noventa días naturais en orixe. Estes animais deberán ter sido sometidos a unha proba de IDTB polo menos seis meses antes do seu illamento e a unha segunda proba de IDTB polo menos trinta días naturais antes do seu envío á explotación de destino.

4.º Para o mantemento do status destes espazos cinexéticos como oficialmente libres de infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis*, levarase a cabo a proba establecida na alínea a), e deberán resultar negativos á proba os individuos analizados.

2. Nos espazos de categoría I dedicados ao aproveitamento de xabarís e doutros súidos silvestres e as súas hibridacións deberanse realizar as seguintes actuacións:

a) Polo menos, unha proba anual de ELISA a todos os animais maiores de doce meses. Os animais positivos deberán ser illados e posteriormente sacrificados na granxa ou núcleo zoolóxico, nun matadoiro ou noutra instalación autorizada para a dita finalidade, e procederase á súa inspección *post mortem* para a busca de lesións sospeitosas e á toma de mostras para a investigación etiolóxica. Previamente ao chequeo, os animais serán identificados segundo o establecido pola autoridade competente en sanidade animal. O sacrificio obrigatorio dos animais positivos dará lugar á correspondente indemnización por parte da autoridade competente, que se axustará ao importe necesario para cubrir o custo do sacrificio e o custo da xestión de subprodutos. No caso de animais cuxos canais fosen declarados non aptos para o consumo humano de conformidade co artigo 33 do Regulamento de execución (UE) 2019/627 da Comisión, pola presenza de lesións sospeitosas ou compatibles con tuberculose detectadas durante a inspección *post mortem*, adicionalmente a indemnización cubrirá o valor da carne, de acordo cos valores recollidos no anexo III. Unicamente terán dereito á indemnización os propietarios de animais que cumprisen a normativa aplicable en materia de sanidade animal e de rexistro e identificación.

b) O espazo poderase cualificar como libre de infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis* cando teña resultados negativos, polo menos, en dúas probas ELISA realizadas nos animais maiores de doce meses, cun intervalo de doce meses, e sempre que na vixilancia pasiva sobre animais mortos non se detectasen animais positivos no último ano.

c) O mantemento do status de libre de tuberculose farase mediante unha proba anual, de acordo coa alínea a), con resultado negativo. Os xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións que se introduzan nos espazos de categoría I deberán provir dunha granxa ou núcleo zoolóxico libre de infección por complexo *Mycobacterium tuberculosis*. Este requisito poderá non aplicarse aos animais que permanecesen illados por un período mínimo de noventa días naturais en orixe. Estes animais deberán ter sido sometidos a unha proba de ELISA polo menos seis meses antes do seu illamento e a unha segunda proba de ELISA polo menos trinta días naturais antes do seu envío á explotación de destino.

Artigo 8. *Requisitos e obrigacións de sanidade animal específicos dos espazos de categoría II.*

Nos espazos de categoría II, dedicados ao aproveitamento de cervos, gamos ou xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, deberanse cumprir as seguintes obrigacións:

1. Realizar probas anuais a un número representativo de animais, segundo a táboa do anexo IV, de tal forma que permita detectar a enfermidade para unha prevalencia esperada do cinco por cento e un grao de confianza do noventa e cinco por cento.

2. Dispor dun plan sanitario, aprobado pola autoridade competente en sanidade animal, asociado ao plan de caza, aprobado pola autoridade competente en caza. O dito plan sanitario conterá, polo menos, os aspectos enumerados no anexo V.

A autoridade competente avaliará os resultados e valorará a aplicación de medidas correctoras que considere necesarias, e poderá incluír medidas adicionais de control da poboación, a suspensión do aproveitamento cinexético e mesmo a retirada da autorización como espazo de categoría II no caso de que as medidas aplicadas non sexan efectivas para o control da enfermidade.

Artigo 9. *Requisitos adicionais en comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado.*

Nas comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado deberanse cumprir os seguintes requisitos adicionais:

1. Os espazos de categoría III que contén con aproveitamento de gando bovino ou doutras especies gandeiras, se así o determina a autoridade competente en materia de sanidade animal, no caso de que se autorizase a alimentación suplementaria conforme este real decreto, disporán de comedeiros e bebedeiros selectivos para as especies cinexéticas, mediante valados, pasos canadenses ou outros métodos que eviten que o gando acceda a eles. Estes comedeiros e bebedeiros estarán situados o máis preto posible das zonas de monte.

De igual maneira, os comedeiros e bebedeiros para o gando deberán ser selectivos para o gando bovino ou para outras especies gandeiras, se así o determina a autoridade competente en sanidade animal.

2. Os espazos de categoría III e IV que contén con aproveitamento de gando bovino incluírán nos seus plans técnicos de caza os aspectos contidos no anexo V, en relación cos puntos da alimentación e da auga das especies cinexéticas, e os puntos permanentes de auga. En todo caso, os titulares das explotacións gandeiras situadas neles aplicarán medidas de bioseguridade consistentes na existencia de bebedeiros e comedeiros selectivos para o gando bovino e para outras especies gandeiras, se así o determina a autoridade competente en materia de sanidade animal.

3. Nos espazos de categoría IV que contén con aproveitamento de gando bovino e que non teñan autorizado o aproveitamento de caza maior, a autoridade competente en materia de caza poderá permitir a caza ou outras actividades de control da poboación en calquera época do ano, de xabaris e doutros súidos silvestres e as súas hibridacións que entren en contacto cos animais da especie bovina, conforme os procedementos que estableza a autoridade competente. En caso de existiren puntos de auga artificiais para vacún, estes serán de uso selectivo para esta especie.

4. En todos os supostos anteriores reforzaranse as condicións de bioseguridade das explotacións de gando bovino, en especial no relativo aos seus cerramentos; limpeza e desinfección de instalacións; deseño, limpeza e desinfección de comedeiros e bebedeiros, e limitación de acceso dos animais silvestres ás instalacións habitualmente utilizadas polo gando.

5. Nos casos en que corresponda, as autoridades competentes en sanidade animal comprobarán o cumprimento dos requisitos anteriores previamente á asignación dun código Rega de pastos.

6. As comunidades autónomas, a través dos documentos técnicos que determinen conforme as súas competencias en materia de caza, establecerán os limiares das poboacións cinexéticas recollidas nesta norma, con base na información sobre abundancia e capturas das especies de que poida dispor a comunidade autónoma, conforme a súa normativa específica, tendo en conta as particularidades e metodoloxías existentes para cada especie cinexética e territorio considerado. Nestes documentos, o órgano competente establecerá, polo menos, as actuacións necesarias para manter as poboacións das especies cinexéticas nuns niveis adecuados. Estas medidas afectarán termos municipais completos, no ámbito das comarcas cinexéticas establecidas, cando así se prevexa na normativa autonómica correspondente. No ámbito de espazos naturais protexidos onde estean situados os terreos cinexéticos aplicaranse igualmente estas prescricións, salvo no caso en que a súa normativa regulatoria xa inclúa un marco de xestión específico ao respecto.

7. As medidas recollidas neste artigo poderanse aplicar tamén en comarcas ou unidades veterinarias de baixo risco se a autoridade competente de sanidade animal así o considera, en situacións en que existan casos de tuberculose en rabaños de bovino e especies cinexéticas recollidas neste real decreto provocados polas mesmas cepas nalgún dos dez últimos anos e continúe existindo o risco de mantemento da infección.

8. Os espazos de categoría III e IV que contén con aproveitamento de caza maior deberán contar con plans técnicos que sexan coherentes cos documentos técnicos de que dispoñan as comunidades autónomas con información sobre abundancia e capturas

destas especies, conforme a súa normativa específica, tendo en conta as particularidades e metodoloxías existentes para cada especie cinexética e territorio considerado.

Artigo 10. *Requisitos adicionais en comarcas ou unidades veterinarias gandeiras de especial risco.*

En comarcas ou unidades veterinarias gandeiras de especial risco aplicaranse os requisitos previstos no artigo anterior e, ademais, deberanse cumprir as seguintes obrigacións adicionais:

1. En espazos de categoría III e IV só se poderá autorizar a subministración de alimentación suplementaria ocasionalmente, nos supostos recollidos no artigo 3.3, sempre que teñan por obxecto actividades de control da poboación.

2. No caso dos subprodutos animais non destinados a consumo humano procedentes da práctica cinexética, será aplicable o artigo 2.2 do Real decreto 50/2018, do 2 de febreiro.

3. Os espazos de categoría III incluírán medidas sanitarias nos seus plans técnicos de caza, que conterán polo menos os aspectos recollidos no anexo V, mediante as cales se intensificará, preferentemente, a caza selectiva de exemplares vellos ou enfermos e de femias. Aqueles espazos de categoría III que, ademais, contén con aproveitamento de gando bovino, e doutras especies gandeiras se así o determina a autoridade competente en materia de sanidade animal, cumpriran o establecido no artigo 9.2.

4. Os espazos de categoría IV que contén con aproveitamento de gando bovino e doutras especies gandeiras se así o considera a autoridade competente en materia de sanidade animal, ademais do establecido no artigo 9.3, reforzaran os seus plans técnicos de caza con medidas sanitarias, mediante o incremento da caza de xabarís e doutros súidos silvestres e as súas hibridacións e cervos ou gamos, ben de forma xeral ou ben de forma selectiva. Nestas comarcas ou unidades veterinarias, a autoridade competente poderá requirir as medidas sanitarias anteriores a outros espazos de categoría IV, adicionalmente ás establecidas no artigo 9.4.

5. Nos parques nacionais, cando os estudos epidemiolóxicos indiquen unha incidencia elevada de tuberculose que supón un risco para o propio espazo ou terreos lindeiros, as autoridades competentes en ambiente e sanidade animal establecerán medidas que vaian desde actividades de control da poboación dirixidas a reducir a enfermidade na zona ata zonificacións excepcionais que impliquen a limitación do aproveitamento gandeiro nas zonas de maior risco, sempre e cando vaian asociadas a actividades de control da poboación.

6. En todos os casos que corresponda, as autoridades competentes en sanidade animal comprobarán o cumprimento dos requisitos anteriores previamente á asignación dun código Rega de pastos.

7. Sen prexuízo de todo o anterior, nas explotacións de gando bovino deberanse realizar auditorías de bioseguridade, seguindo os criterios establecidos no anexo VI, e será obrigatorio realizar unha auditoría anual de bioseguridade, polo menos, naquelas explotacións que resultasen positivas á tuberculose nos dous anos anteriores e en que a enquisa epidemiolóxica sinalase a presenza de fauna silvestre como factor de risco, e aplicarán as medidas correctoras sinaladas pola dita auditoría nun prazo máximo de oito meses, salvo que os servizos veterinarios oficiais autoricen un prazo máis amplo por causa xustificada. Ademais, autorizaranse cerramentos de exclusión para o gando de produción dunha superficie de ata cincocentas hectáreas con valado obrigatorio impermeable para o xabaril, salvo que a normativa autonómica o prohiba, en relación cos cales, se a pesar do valado de exclusión do gando de produción aparecen no seu interior animais das especies cinexéticas obxecto deste real decreto, as comunidades autónomas regularán, nas súas ordes de veda e períodos hábiles de caza, ou noutras normas ou actos administrativos, as formas de control da poboación en calquera momento do ano, como accións cinexéticas por situacións sanitarias excepcionais.

8. Os plans técnicos de caza recollerán medidas sanitarias adicionais mediante un incremento da caza de xabarís e doutros súidos silvestres e as súas hibridacións en

número necesario para diminuír a poboación natural ata o límite que se lle exixa no plan técnico de caza, nun prazo de tempo razoable e con medios adecuados. Nos casos en que non se consiga alcanzar o número de animais previsto no plan técnico de caza, as autoridades competentes das comunidades autónomas poderán considerar a inclusión, nas comarcas ou unidades veterinarias de especial risco sanitario fronte á tuberculose, da posibilidade de que durante todo o ano, sen cota e restrición de sexo ou idade, o xestor cinexético autorizado abata as especies obxecto deste real decreto.

Artigo 11. *Requisitos sanitarios para o traslado de xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos e gamos en relación coa tuberculose.*

1. O destino dos animais dos espazos de categoría I será en vivo para o abastecemento doutras granxas cinexéticas ou núcleos zoolóxicos, para solta en espazos de categoría II, III e IV, ou ben para sacrificio directo en matadoiro ou noutra instalación autorizada para a dita finalidade.

2. Sen prexuízo do previsto nos artigos 4 e 5 do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, para poder realizar movementos distintos ao sacrificio en matadoiro ou noutras instalacións autorizadas para a dita finalidade desde os espazos de categoría II, deberanse ter realizado, con resultado negativo, as probas anuais a un número representativo de animais, en función do censo realizado e segundo a táboa do anexo IV, de forma que permita detectar a enfermidade para unha prevalencia esperada do cinco por cento e un grao de confianza do noventa e cinco por cento. As probas serán a IDTB, no caso dos cervos ou gamos, e a ELISA no caso dos xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións. Adicionalmente, será preciso que non se obtivesen resultados positivos nas mostraxes recollidas no número 2 do documento Patubes, realizadas nos dous últimos anos.

3. Non obstante o disposto nos números 1 e 2, prohíbese o traslado de xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos e gamos desde as rexións Patubes de risco de tuberculose 4 ao resto de rexións Patubes, salvo que procedan de núcleos zoolóxicos ou explotacións cinexéticas de cervos ou gamos oficialmente libres de infección polo complexo *Mycobacterium tuberculosis*, ou de núcleos zoolóxicos ou explotacións cinexéticas de xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións libres de tuberculose, segundo o previsto neste real decreto, ou cando o seu destino sexa o sacrificio en matadoiro ou noutras instalacións autorizadas para a dita finalidade.

4. Non obstante o previsto nos números 1 e 2, para o resto de rexións Patubes só se permitirán os traslados (distintos dos destinados a sacrificio) desde rexións Patubes de maior a menor risco se proceden de espazos de categoría I e II que teñan resultados negativos en, polo menos, unha proba anual. Adicionalmente, aplicarase este criterio para traslados con orixe en comarcas ou unidades veterinarias de especial risco situadas en calquera destas rexións Patubes.

5. En todas as rexións Patubes queda prohibido o traslado de xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos e gamos desde espazos de categoría II a espazos de categoría I, salvo autorización expresa da autoridade competente en materia de sanidade animal e sempre que se realizasen as probas previstas no número 2.

6. Para o resto de movementos non recollidos nos puntos anteriores aplicaranse, no que se refire á tuberculose, os requisitos e as probas recollidos nos artigos 4 e 5 do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo. Os ditos movementos non se producirán a distancias superiores a cen quilómetros lineais, salvo autorización expresa da autoridade competente de sanidade animal de destino.

7. En todos os movementos anteriores, salvo se o destino é sacrificio en matadoiro ou noutras instalacións autorizadas para a dita finalidade, non será aplicable a exención á toma de mostraxes prevista no número 4.1 do artigo 4 do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, establecida no número 2.a) dese mesmo artigo.

Artigo 12. *Controis.*

A autoridade competente levará a cabo controis, na forma e coa frecuencia que esta dispoña, sobre o cumprimento do previsto neste real decreto.

Artigo 13. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole que poidan concorrer.

Disposición transitoria primeira. *Autorización e rexistro de espazos en aplicación do artigo 6.2.*

Conforme o establecido no artigo 6.2, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto, a autoridade competente en materia de sanidade animal realizará as comprobacións oficiais oportunas sobre os rexistros existentes ou os que se produzan ao seu abeiro para dar garantía do cumprimento do disposto neste real decreto ou, noutro caso, iniciarase o trámite para dar de baixa o rexistro correspondente. En todo caso, mentres se realizan os trámites necesarios para dar de baixa o rexistro non se permitirá o aproveitamento de gando doméstico destes terreos nin continuar achegando alimentación suplementaria ás especies cinexéticas.

Disposición transitoria segunda. *Cambios na clasificación de comarcas.*

En caso de que se produza un cambio na clasificación das comarcas ou unidades veterinarias, de acordo co previsto no artigo 4.2, o interesado disporá dun prazo de seis meses para realizar as actuacións que deriven do cambio de clasificación da comarca ou unidade veterinaria en que se localice xeograficamente o terreo sometido a aproveitamento cinexético.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.*

Modifícase o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, como segue.

Engádeselle o seguinte punto ao anexo III.

«2.10 Espazos cinexéticos de categoría I, II, III ou IV, segundo o disposto no artigo 5 do Real decreto 138/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a normativa básica en materia de actuacións sanitarias en especies cinexéticas que actúan como reservorio da tuberculose (complexo *Mycobacterium tuberculosis*).»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais de fauna silvestre.*

Modifícase a disposición adicional segunda do Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais de fauna silvestre, como segue:

«Disposición adicional segunda. *Medidas especiais relativas á tuberculose.*

Sen prexuízo do disposto neste real decreto, os movementos de especies cinexéticas e silvestres que poidan actuar como reservorio da tuberculose estarán suxeitas ao disposto no Real decreto 138/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a normativa básica en materia de actuacións sanitarias en especies

cinexéticas que actúan como reservorio da tuberculose (complexo *Mycobacterium tuberculosis*).»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xaneiro de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Rexións Patubes de risco de tuberculose

- a) Rexións Patubes de risco de tuberculose 1: provincias das comunidades autónomas de Illes Balears e Canarias.
- b) Rexións Patubes de risco de tuberculose 2: comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria, Galicia e País Vasco.
- c) Rexións Patubes de risco de tuberculose 3: comunidades autónomas de Aragón, Castilla y León, Cataluña, Comunidade Valenciana, La Rioja, Navarra e Murcia. Ademais, inclúe as provincias de Albacete, Cuenca e Guadalajara, en Castilla-La Mancha, e as de Almería e Granada en Andalucía.
- d) Rexión Patubes de risco de tuberculose 4: comunidades autónomas de Madrid e Extremadura. Ademais, inclúe as provincias de Ciudad Real e Toledo, en Castilla-La Mancha, e as de Cádiz, Córdoba, Huelva, Jaén, Málaga e Sevilla, en Andalucía.

ANEXO II

Clasificación das diferentes comarcas ou unidades veterinarias en función do risco

1. Comarcas ou unidades veterinarias de baixo risco:
 - a) Todas as pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 1.
 - b) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 2 que non cumpran os criterios dos números 2 ou 3.
 - c) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 3 cunha prevalencia en rabaños de bovinos menor do 1% nos dous anos anteriores ou que non cumpran os criterios dos números 2 ou 3.

Non obstante, a autoridade competente poderá aplicar as medidas correspondentes a comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado en municipios concretos onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabaráis e outros súidos silvestres e as súas hibridacións ou cervos ou gamos provocados polas mesmas cepas do complexo *Mycobacterium tuberculosis* (en diante, MTC) nesos dous últimos anos.
 - d) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 4 cunha prevalencia en rabaños de bovinos menor do 1% nalgún dos dous últimos anos e onde non se detectasen casos de tuberculose en xabaráis e outros súidos silvestres e as súas

hibridacións nin en cervos nin gamos neses dous últimos anos, ou que non cumpran os requisitos dos números 2 e 3.

Non obstante, a autoridade competente poderá aplicar as medidas correspondentes a comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado en municipios concretos onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e as densidades elevadas das especies cinexéticas ou silvestres que actúan como reservorio ou os contactos entre estas e o gando bovino así o aconsellen.

2. Comarcas ou unidades veterinarias de risco moderado:

a) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 2 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 1% nalgún dos dous anos anteriores e onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos provocados polas mesmas cepas de MTC neses dous últimos anos, ou que non cumpran os criterios do punto 3.

Non obstante, a autoridade competente poderá aplicar as medidas correspondentes a comarcas ou unidades veterinarias de especial risco en municipios concretos onde, ademais do anterior, a prevalencia en rabaños bovinos sexa maior do 3%.

b) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 3 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 1% nalgún dos dous anos anteriores onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos provocados polas mesmas ou distintas cepas de MTC neses dous últimos anos, ou que non cumpran os criterios do número 3.

Non obstante, a autoridade competente poderá aplicar as medidas correspondentes a comarcas ou unidades veterinarias de especial risco en municipios concretos onde, ademais do anterior, a prevalencia de rabaños bovinos sexa maior do 3%.

c) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 4 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 1% nalgún dos dous anos anteriores onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos, pero provocados por distintas cepas de MTC neses dous últimos anos, ou que non cumpran os criterios do punto 3.

Non obstante, a autoridade competente poderá aplicar as medidas correspondentes a comarcas ou unidades veterinarias de especial risco en municipios concretos onde, ademais do anterior, a prevalencia en rabaños bovinos sexa maior do 3% e as densidades elevadas destas especies cinexéticas ou silvestres ou os contactos entre estas e o gando bovino así o aconsellen.

3. Comarcas ou unidades veterinarias de especial risco.

a) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 2 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 3% nalgún dos dous anos anteriores onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos, provocados polas mesmas cepas de MTC neses dous últimos anos.

b) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 3 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 3% nalgún dos dous anos anteriores onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos, provocados polas mesmas cepas de MTC neses dous últimos anos, ou por distintas cepas, pero cando as densidades elevadas destas especies cinexéticas ou silvestres ou os contactos entre estas e o gando bovino así o aconsellen.

c) Aquelas pertencentes ás rexións Patubes de risco de tuberculose 4 cunha prevalencia en rabaños bovinos maior do 3% nalgún dos dous anos anteriores, onde existan casos confirmados en rabaños de bovino e en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos, ou mesmo cando, non existindo casos confirmados en xabarís e outros súidos silvestres e as súas hibridacións, cervos ou gamos, as densidades elevadas destas especies cinexéticas ou silvestres ou os contactos entre estas e o gando bovino así o aconsellen.

ANEXO III**Indemnización do valor da carne**

Canal de cervo (*Cervus elaphus*): 3,70 euros kg/canal.

Canal de gamo (*Dama dama*): 3,40 euros kg/canal.

Canal de súido silvestre (*Sus scrofa*): 0,90 euros kg/canal.

ANEXO IV**Número de animais aos cales se farán probas segundo o número estimado de animais presentes**

Número de animais	Animais que se deberán controlar
1–25	Todos
26–30	26
31–40	31
41–50	35
51–70	40
71–100	45
101–200	51
201–1200	57
>1200	59

ANEXO V**Contido mínimo do Plan sanitario do artigo 8.2**

- 1.º Identificación Rega e superficie do espazo natural acoutado.
- 2.º Inventario das poboacións de especies de caza maior (censo estimado antes do inicio da tempada).
- 3.º Exemplos cuxa caza se prevexa para a tempada próxima e cazados na tempada anterior.
- 4.º Achea de alimento: tipo, cantidades aproximadas, periodicidade e estacionalidade, forma de distribución e lugares de distribución.
- 5.º Relación dos principais puntos de auga, tipo e características.
- 6.º Forma de tratamento dos residuos de caza.
- 7.º Infección por complexo *M. tuberculosis* (por especie de caza maior): presenza ou ausencia, e prevalencia, en función dos resultados das distintas probas realizadas.
- 8.º Adicionalmente, no caso de que a autoridade competente en sanidade animal considere que a situación sanitaria da tuberculose nas especies cinxéticas se deba mellorar mediante a diminución de densidades das mesmas ou doutras medidas engadidas, o interesado deberá presentar un plan especial por requirimento da autoridade que estableza, polo menos, as seguintes medidas de mellora sanitaria:
 - Modificacións nas cotas de caza (en xeral, aumentos, particularmente de femias).
 - Posta en marcha de caza selectiva de individuos visiblemente delgados ou enfermos.
 - Modificacións na achega de alimento (reducións ou, polo menos, melloras na selectividade dos puntos de alimentación), potenciación da inmunidade (alimentos ricos en calcio e vitamina D, non subministración de millo en exclusiva, achega de correctores vitamínico–minerais...).

- Modificacións nos puntos de auga (aumento destes ou modificación para maior selectividade).
- Aplicación de métodos máis eficaces no tratamento de residuos de caza, dentro das posibilidades recollidas na normativa aplicable na materia.
- Así mesmo, se así o establece a comunidade autónoma, establecemento de pequenos cercados de exclusión (en superficies menores de 1.000 m²) como testemuñas para valorar o impacto dos ungulados na vexetación.

ANEXO VI

criterios mínimos que hai que cumprir nas auditorías de bioseguridade en explotacións gandeiras en comarcas ou unidades veterinarias de especial risco

1. As auditorías de bioseguridade en explotacións gandeiras en relación coa tuberculose bovina serán realizadas polo veterinario oficial ou, de ser o caso, polo veterinario autorizado ou habilitado para o efecto polos órganos competentes das comunidades autónomas. En todo caso, os veterinarios autorizados ou habilitados deben ter participado nos cursos de formación regrada sobre aspectos teóricos, prácticos e de base legal en canto ao diagnóstico da tuberculose bovina e, de ser o caso, nas súas actualizacións periódicas.

A sistemática que cómpre seguir basearase na levada a cabo dentro do proxecto «Bioseguridade en vacún de carne 20150020003029 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación», e que consta das seguintes fases:

- 1.º Estudo previo específico da explotación:
 - a) Obtención de información previa: datos xerais da explotación, situación, superficie, censos, manexo, alimentación, aproveitamentos cinexéticos, etc.
 - b) Historial de tuberculose: bovino, cabrún e outras especies domésticas e cinexéticas/silvestres.
 - c) Cartografado da explotación: mapa para visita de campo.
- 2.º Visita de campo e enquisa persoal:
 - a) Enquisa persoal regrada ao titular da explotación ou encargado.
 - b) Características xerais da explotación: perímetro, predios limítrofes, valados interiores, edificios, instalacións, etc.
 - c) Xeorreferenciación de usos e manexos de instalacións, pastos, puntos de alimentación, puntos de auga, etc.
 - d) Formas de alimentación do gando, almacén e conservación dos alimentos.
 - e) Usos das fontes de auga, abundancia, distribución, etc.
 - f) Estudo *in situ* para identificar puntos de risco, avaliar a presenza e abundancia de fauna e realizar mostraxes ambientais, se procede.
- 3.º Documentación gráfica e foto trampeo, se procede.
- 4.º Avaliación de riscos e proposta de medidas: cerramentos e estruturas selectivas, manexo de bebedoiros e outros puntos de agregación, uso de pastos e manexo do gando e outras actuacións, se proceden.

2. O informe da auditoría de bioseguridade remitirase aos servizos veterinarios oficiais comarcais na semana seguinte á súa realización.

3. Os ditos servizos comprobarán que os datos que figuran no informe de avaliación aos cales teñan acceso son correctos (historial, datos xerais...) e xunto co veterinario que realizou a avaliación e co titular da explotación confirmarán a idoneidade das medidas propostas, a súa posibilidade de aplicación efectiva e o calendario previsto para a súa realización.

4. Transcorrido o prazo marcado para levar a cabo as medidas propostas, o veterinario responsable comprobará o estado do cumprimento das medidas correctoras e remitirá un informe de seguimento aos mencionados servizos comarcais.

5. Tras a primeira auditoría anual, as auditorías dos anos seguintes consideraranse de seguimento se se cumpriron todas as medidas correctoras establecidas e non se considera necesario que o veterinario responsable ou os servizos veterinarios oficiais comarcais sinalen novas medidas correctoras.